



#BALONCESTOGALEGO

INFORME FEGABA 2025 - 2026

Bloque 1 — Federación Galega de Baloncesto



Informe do Presidente 2025 - 2026

Resumo de logros, desafíos e proxeccións para o Baloncesto Galego.

Informe do Presidente

Señoras e señores asembleístas, representantes dos clubs, membros dos comités arbitrais, xunta directiva, adestradores e adestradoras, xogadores e xogadoras, e invitados que hoxe nos acompañan: En cumprimento das obrigacións estatutarias que corresponden a esta Presidencia, comparezo ante a Asemblea Xeral para dar conta da actividade desenvolvida pola Federación Galega de Baloncesto durante a tempada 2025/26. Permítanme expresar o meu agradecemento a todas as persoas e institucións que fan posible o funcionamento da nosa federación.

Aos 168 clubs que vertebran o baloncesto galego. Aos 795 árbitros e oficiais de mesa. Aos corpos técnicos. E ás administracións públicas que colaboran connosco: a Xunta de Galicia, as deputacións provinciais da Coruña, Pontevedra e Ourense, e os concellos de Santiago de Compostela, Ferrol, A Coruña, Ribadeo, Marín e A Estrada, cuxo apoio continuado resulta determinante para o sostemento da nosa actividade. Agradezo tamén a colaboración dos nosos patrocinadores: Jim Sport, Gadis, Eurobanan, Interrias, Gerosalud, Monbus, Wilson e PIB Group Iberia.

Permítanme destacar de forma moi especial o altruísta labor de toda a miña Xunta Directiva, que traballa de forma incansable para mellorar a institución. Sen eles e elas, a miña xestión estaría baleira. A súa capacitación profesional, a súa excelencia e o seu amor polo noso deporte fan posible este momento de desenvolvemento e afianzamento da nosa actividade.

O meu recoñecemento tamén aos traballadores desta casa, que con ilusión e dedicación permanente loitan cada día para que saia adiante toda a actividade que levamos a cabo. Grazas polo esforzo de adaptarse aos novos tempos e ás novas tecnoloxías, e por esa dispoñibilidade sen límite de horario nin lugar para atender calquera incidencia. O baloncesto galego ten unha gran débeda con moitas destas persoas.

Cada día máis, a nosa presenza nas estruturas estatais ten máis peso, seguindo todos os procesos que afectan o baloncesto da nosa terra e participando activamente na creación das novas normas que rexerán o noso futuro. O meu agradecemento tamén aos membros da comisión delegada polo esforzo desinteresado e permanente que levan a cabo para representar aos distintos estamentos que forman a nosa estrutura. Traballamos sen descanso para que acontecementos relevantes teñan as nosas cidades e pobos como sedes: as fases finais das nosas competicións, o Campionato de España 3x3 sub-17, a Final a Catro da liga Challenge ou a Final a Catro de Primeira FEB son boa mostra diso.



II. Código de bo goberno e transparencia.

Antes de entrar na análise da tempada, quero trasladar a esta Asemblea o compromiso firme desta Xunta Directiva cos principios de transparencia, bo goberno e conduta ética. A FEGABA adheriuse e aplica un Código de Bo goberno que establece os estándares de integridade, rendición de contas e responsabilidade institucional que deben guiar toda a actividade federativa. Este código, dispoñible na nosa sede electrónica, non é un documento decorativo senón unha ferramenta de traballo real que orienta as decisións dos órganos de goberno, a xestión económica e a relación con todos os axentes do baloncesto galego.

A presente intervención, con datos verificados e accesibles, é en si mesma un exercicio dese compromiso.

III. Magnitudes xerais da tempada

A Federación Galega de Baloncesto pecha a tempada 2025/26 con 1.565 equipos federados, 25 máis que a tempada anterior (+1,62%). O número de licenzas de xogadores e xogadoras ascende a 20.096, cun aumento de 169 (+0,81%).

As licenzas arbitrais alcanzan as 795, marca histórica. O conxunto articúlase a través de 168 clubs en sete delegacións territoriais. Convén sinalar que o crecemento de equipos supera ao de licenzas, o que reduciu o tamaño medio de persoal de 12,93 a 12,84 xogadores por equipo. É un indicador que esta Xunta Directiva comprométese a analizar con atención.

IV. Éxitos do baloncesto galego: un horizonte sen precedentes

Señoras e señores assembleístas, permítanme dedicar un apartado específico ao que constitúe o momento máis brillante do baloncesto galego na súa historia recente.

O Monbus Obradoiro certificou o seu ascenso á liga ACB tras proclamarse campión de Primeira FEB. Santiago de Compostela volve á elite do baloncesto español. O Leyma Coruña clasificouse para a Final Four polo ascenso a Liga Endesa, que se disputará no Coliseum da Coruña os días 6 e 7 de xuño.

A posibilidade de que Galicia conte con tres equipos na liga ACB é real. Baloncesto profesional feminino O Celta Femxa Zorka logrou o ascenso á liga Feminina Endesa tras impoñerse na Final Four de Liga Challenge no Pavillón de Navia. Vigo recupera o baloncesto feminino de máxima categoría.

O Durán Maquinaria Ensino de Lugo asinou unha tempada fabulosa en Liga Feminina Endesa, finalizando en sexta posición e clasificándose para os play-off polo título. Esta clasificación abre a porta á participación do Ensino en competicións europeas a próxima tempada.

O Baxi Ferrol completou unha honrosa tempada en Liga Feminina Endesa, finalizando en novena posición, manténdose con solvencia na máxima categoría, cun salientable papel nas competicións europeas. O broche de ouro chegou coa elección de Blanca Millán no cinco ideal da competición.

Maristas Coruña proclamouse campión de Liga Feminina 2 e certificou o seu ascenso a Liga Feminina Challenge ante o GEiEG Xirona. A Coruña volve contado con representación en competición nacional de primeiro nivel en baloncesto feminino.



Ascensos a Terceira FEB

O Ensino de Lugo e o Novobasket de Vigo certificaron o seu ascenso a Terceira FEB masculina. O ascenso do Novobasket devolve a Vigo á competición nacional masculina. O Oposita Marín Ence Peixegalego disputou en Alginet a fase final de ascenso a Segunda FEB, enfrontándose a Torrent, Alxeciras e Movistar Estudiantes B.

Seleccións galegas

No Campionato de España de Seleccións Infantil e Cadete, celebrado en Zaragoza do 3 ao 7 de xaneiro de 2026: as nosas seleccións representáronnos de forma impecable, alcanzando grandes resultados, a nosa selección cadete masculina, 6.^a posición; a infantil masculina, 4.^a; a cadete feminino, 11.^a; e a infantil feminina, 8.^a

No Campionato de España de Minibasket (Planeta Mini 2026), celebrado en Reus e Salou do 28 de marzo ao 1 de abril: a selección masculina alcanzou os cuartos de final e finalizou en quinta posición; a feminina completou o campionato en décima posición.

Tres medallas en Melilla: un feito sen precedentes

No Campionato de España de 3x3, celebrado en Melilla: a selección U13 masculina proclamouse campioa de España, con Iker Bouzas, Antonio Rodríguez, Breixo Lorenzo e Pedro Vázquez.

A U15 masculina foi subcampioa, a U15 feminina obtivo o terceiro posto e a U13 feminina finalizou en décimo primeiro lugar.

Tres medallas nun mesmo campionato nacional: un fito sen precedentes na historia da nosa federación. En breve volveremos intentalo.



Competicións de clubs en categorías de formación

Os nosos clubs estiveron presentes nos Campionatos de España júnior e cadete; nestes momentos está a disputarse o campionato infantil, e proximamente farao o minibasket, tanto en masculino como en feminino. O panorama descrito configura un horizonte nunca visto para o noso baloncesto. É unha responsabilidade compartida estar á altura deste momento.

V. Análise territorial

A Coruña e Pontevedra concentran o 77,9% de equipos e licenzas; Lugo e Ourense, o 22,1%. Ourense alcanza 8,03 licenzas por cada 1.000 habitantes, en empate técnico coa Coruña (8,02). Lugo, con 6,40 licenzas por 1.000 habitantes, queda un 14,4% por baixo da media galega e necesitaría unhas 400 licenzas adicionais. Esta Presidencia considera prioritaria unha política específica de captación para o territorio lucense.



VI. Baloncesto feminino e «ELAS SEGUEN NA CANCHA»

O 41,8% das licenzas son femininas: 8.404 xogadoras. Pontevedra é a referencia galega en paridade (46,7%, índice 93,4/100). Ourense, cun 37,1%, necesitaría 200 licenzas femininas adicionais para alcanzar a media.

O dato que máis nos preocupa: na transición cadete-júnior, o baloncesto feminino perde un 45,7% dos seus efectivos, fronte ao 24,8% do masculino. Igualar ambas as taxas supoñería 256 licenzas femininas adicionais en júnior.

Para dar resposta, a Federación puxo en marcha o 13 de decembro a campaña «ELAS SEGUEN NA CANCHA», un proxecto para manter e reforzar a participación das mozas na práctica federada durante e máis aló da súa etapa cadete. Esta Xunta Directiva propón que se convirta en eixo permanente da política deportiva da federación.



VII. Estrutura formativa

O 65% das licenzas corresponden a categorías de ata 14 anos. Só o 2,23% son de elite. Minibasket (3.789 licenzas), Infantil (3.226), Premini (3.011) e Cadete (2.989) conforman unha base ampla e sólida sobre a que seguir construíndo.

Esta estrutura é un modelo de éxito, os xogadores galegos están en todo o mundo e en todas as competicións, o baloncesto feminino ten un sinal galego que nutre as competicións doutros países, incluso os mais salientables, como é o caso dos Estados Unidos, con xogadoras na WNBA. Xogadores Galegos alagan as competicións nacionais e internacionais, con recente presenza na final da euroliga e en campionatos de Europa de todas as categorías. Algo faríades ben.

VIII. Área deportiva

O Programa de Detección e Control, dirixido por Darío Méndez con sete responsables zonais, cubriu toda Galicia. Preparáronse seleccións en minibasket, infantil, cadete e 3x3, con 20 sesións en cadete, 24 en infantil e 8 de 3x3, alén de torneos en Euskadi, Asturias, Marín e Miranda do Ebro.



IX. Escola Galega de Adestradores

A Escola Galega de Adestradores impartiu sete cursos de Nivel 0, un curso de Nivel 1 con 26 alumnos e un curso de Nivel 2, con sede na Estrada. Realizáronse accións formativas propias en Santiago, Pontevedra e Betanzos, e consolidouse a colaboración coa Associação de Basquetebol do Porto. O investimento en formación creceu un 187,3%.

Merece mención especial o orgullo que supón para a nosa federación, o éxito permanente dos adestradores da nosa terra. A cuarta copa de Europa conseguida polo seleccionador nacional feminino, Miguel Méndez co Fenerbahçe, alén dos éxitos coa selección, as tempadas excepcionais na mellor liga de Europa dos nosos paisanos, Moncho Fernández e Diego Ocampo, Víctor Pérez, Fernan Varela; os ensinamentos permanentes do mestre Moncho López; a distinción a Suso Garrido como mellor adestrador da liga feminina, os éxitos de Lino López, Cristina Cantero, Gonzalo Rodríguez, Denís Pombar, Fernando Buendía, Pepe Vázquez, infinidade de novos adestradores fóra da nosa terra que permanentemente imparten coñecementos con mestría e excelencia; adestradores que desenvolven a súa actividade en seleccións doutros países como Charly Uzal ou Pablo Abuín.

Capítulo aparte para os adestradores que día a día, cada tarde, cada noite, sodes a clave do desenvolvemento do noso amado deporte; a lista é interminable, o noso respecto a todos os adestradores novos da terra e a nosa admiración para os que, xa con algún ano ás vosas costas, seguides coa ilusión e o entusiasmo do primeiro día.

X. Proxectos Europeos Erasmus+

A FEGABA mantén a súa presenza activa no ámbito europeo a través de dous proxectos Erasmus+. O proxecto REBOUND, cuxo obxectivo é promover deportes máis sostibles desde a base, avanza no seu desenvolvemento e xera materiais transferibles para todo o baloncesto europeo. O proxecto Basket Bridges, desenvolvido en Santiago de Compostela en colaboración coa ONG Rescate e o ADB Fontiñas, utiliza o baloncesto como ferramenta de integración para persoas en situación de asilo, constituíndo un exemplo de deporte ao servizo da cohesión social.

Estes proxectos representan financiamento externo, visibilidade internacional e transferencia de coñecemento. A súa continuidade é un obxectivo estratéxico para esta Federación.





XI. Estamento arbitral

795 licenzas arbitrais: marca histórica (en 2016/17 eran 492: +61,6% en dez anos). Distribución por delegación: Vigo 162, Santiago 145, A Coruña 141, Arousa 104, Lugo 97, Ourense 84, Ferrol 62. Incremento neto de 59 licenzas (+8%). 262 persoas rexistradas en cursos; 191 completaron o proceso (72,9%). Xestionáronse 9.523 partidos; 8.325 con equipo arbitral completo. Os partidos con equipo incompleto reducíronse do 15,3% ao 12,6%.

O noso estamento arbitral estivo presente en todos os campionatos relevantes desta tempada, pitando finais importantes. Nestes momentos, cinco dos nosos representantes están a participar no Campionato de España Infantil: unha cifra nunca antes conseguida. Quero destacar a solvencia dos nosos árbitros e sentirme orgulloso de que elas e eles representánnos desde os partidos máis esixentes —Euroliga, ACB, Copa da Raíña, Liga Endesa, Primeira FEB, Liga Challenge, Segunda FEB, Liga Feminina 2 ou Terceira FEB— ata o encontro máis humilde disputado en calquera recuncho de Galicia, e sempre con ilusión, seriedade e unha capacidade que, en ocasións, algunhas persoas empéñanse en cuestionar con críticas que non fan senón reflectir as súas propias frustracións. Fronte a iso, a nosa resposta é seguir traballando con rigor, transparencia e respecto.

O traballo que levan a cabo os responsables deste estamento é inesgotable. Estamos especialmente orgullosos de iniciativas tan creativas como a asistencia dos árbitros das nosas delegacións aos procesos de preparación de partidos de elite. A campaña U18 busca concienciar a toda a comunidade baloncestística de que moitos dos nosos árbitros e oficiais de mesa son menores de idade que se ven insultados e acosados por persoas que, neste momento, supoñen un grave problema para o noso deporte.

Non toleraremos ningún tipo de acoso nin insulto cara a quen fai posible a competición. Grazas ao traballo que se leva a cabo neste campo, cada día ese tipo de actitudes son menos frecuentes e, afortunadamente, nas nosas bancadas empezamos a ver comportamentos que nos enchen de orgullo, creando contornas máis cálidas para os verdadeiros protagonistas: os nosos mozos. Somos conscientes das nosas debilidades neste campo e traballamos para corrixir as deficiencias e erros que inevitablemente se producen en calquera ámbito deportivo.

XII. Redes sociais e audiovisuais

A FEGABA ten presenza dixital consolidada, cunha comunidade total que rolda os 25.000 contactos entre todas as plataformas.

A FEGABA opera en diferentes canles dixitais: Facebook, X, Youtube (FEGABA TV), Instagram, Flickr e TikTok, alén da web corporativa fegaba.com.

Unha arquitectura dixital ampla para unha federación autonómica.

INSTAGRAM — A rede con maior comunidade Con 11.000 seguidores, 927 contas seguidas e 3.417 publicacións acumuladas, Instagram lidera a nosa presenza dixital.

Facebook mantén a interacción cun público fiel.

Youtube/FEGABA TV, con máis de 1.000 horas de emisión, ofrece un servizo de calidade e plural a todos os usuarios.

WEB/APP e Datos individuais

Unha ferramenta con marxe de mellora. A oportunidade de mellora céntrase en ampliar estratexia e distribución de contidos con criterio editorial.

A pesar de a nosa decidida aposta polas redes e as novas tecnoloxías, somos conscientes de que o seu uso abusivo ou a idades inapropiadas supón un problema serio. Por iso, na tempada que comeza, na nosa APP desactivaranse todos os datos individuais de xogadores e xogadoras desde Preminibasket ata Infantil, ambas as categorías incluídas.

Esta é unha das nosas primeiras accións para impulsar o programa “Adestrar sen pantallas, gañar en saúde”, unha iniciativa da Xunta de Galicia e a FGCN para previr o uso compulsivo da internet e as redes sociais en mozas, programa do que somos orgullosos precursores e que promove o deporte e o lecer saudable como alternativa ao sedentarismo, capacitando a adestradores e asesorando ás familias.

cesto
nha



XIII. Situación económica

Equilibrio orzamentario cumprido: a federación pecha o exercicio cun resultado practicamente neutro de 2.149 €, confirmando que a totalidade dos recursos captados foron destinados á actividade federativa, sen acumulación de excedentes significativos.

1. Mobilización total de recursos: xestionáronse 2.938.953 € en ingresos, un 9,6% por encima do orzado (+258.052 €), o que reflicte unha maior actividade deportiva real e unha maior capacidade de captación de recursos para o servizo.

Que o superávit sexa de apenas 2.149 € sobre 2.938.953 € de ingresos non é un síntoma de fragilidade: é a proba de que cada euro recadado canalízase cara á actividade deportiva, a formación de adestradores, o sostemento do servizo arbitral, a representación en seleccións e a mellora da estrutura territorial.

XIV. Liñas estratéxicas para 2026/27

- Primeira. Retención feminina cadete-júnior, coa consolidación de «ELAS SEGUEN NA CANCHA».
- Segunda. Implantación e creación de entidades no medio rural.
- Terceira. Optimización da taxa de conversión en cursos de arbitraje.
- Cuarta. Mellora da cobertura e calidade arbitral en categorías de base.
- Quinta. Promoción do baloncesto feminino.
- Sexta. Desenvolvemento do baloncesto 3x3.

Señoras e señores asembleístas, os datos presentados reflicten unha federación en crecemento, cunha base formativa sólida, un estamento arbitral no seu mellor momento histórico, unha situación económica equilibrada, unha escola de adestradores en expansión e uns logros deportivos sen precedentes. Temos 20.096 xogadores e xogadoras federados en Galicia.

Detrás de cada licenza hai unha persoa que elixiu o baloncesto. A nosa responsabilidade institucional é que esa elección atope as mellores condicións posibles para desenvolverse. Moitas grazas.

Organigrama — Xunta Directiva

Presidente

Julio Bernárdez Álvarez

Tesoureiro

Ramón Lago Álvarez

Vicepresidentes

Ramón Lago Álvarez

Miguel Gonzalez López

Susana García Senra

Vogais

Fernando Pérez Lorenzo


Alejandro Alcalde Varela

José M. Villamarín Couto

Antonio Lorenzo F.

Begoña del Río Martínez

Lola Oliveira Casas



Organigrama — Dirección e Áreas

Secretario Xunta Directiva

Miguel González López Mosquera

Directora Xeral

Susana Fernández Fiuza

Área Arbitral

Daniel López Illán

Área Deportiva

Darío Martínez Méndez





Organigrama — Comités e Comisiones

Comités de Xustiza

Xuíz Único Comité de Competición

Xulio Teixeira Rodríguez

Xuíz Único Comité de Apelación

Miguel Juane Sánchez

Comisión Delegada

Sergio González Larrañaga

Javier Cotelo Rama

Jaime Álvarez – Ossorio

José A. Vázquez Vázquez

ADC Burela

Comisión Delegada

Porriño Baloncesto Base

CB Breogán SAD

CB Bosco Vigo

CB Val de Lemos

CAMPIÓNS 2025 - 2026

Categoría Masculina — Ligas Galegas

Tifón Muebles Novobasket

1ª División Autonómica Masculina



Gamacisa Galogrín

2ª División Masculina



CAMPIÓNS 2025 - 2026

Categoría Masculina — Ligas Galegas

Obradoiro Peleteiro

1ª División Júnior Masculina



Balidea Obradoiro

1ª División Cadete Masculina



CAMPIÓNS 2025 - 2026

Categoría Masculina — Ligas Galegas

Indupanel Obradoiro

1ª División Infantil Masculina



Traumaco Culleredo PIM

1ª División Preinfantil Masculina



CAMPIÓNS 2025 - 2026

Categoría Masculina — Ligas Galegas

Estudiantes Lugo

1ª División Minibasket Masculina



Estudiantes Azul Lugo Río de Galicia

1ª División Preminibasket Masculina



CAMPIÓN 2025 - 2026

Categoría Masculina — Ligas Galegas

Ensino

3x3 U17



CAMPIONES 2025 - 2026

Categoría Feminina — Ligas Galegas

Seis do Nadal Coia

1ª División Júnior Feminina



Cafés Candelas

1ª División Cadete Feminina



CAMPIÓNS 2025 - 2026

Categoría Feminina — Ligas Galegas

Estudiantes Azul Lugo Río de Galicia

1ª División Infantil Feminina



Celta Femxa Zorka

1ª División Preinfantil Feminina



CAMPIONES 2025 - 2026

Categoría Feminina — Ligas Galegas

Academia Celta Savino del Bene
1ª División Minibasket Feminina



Academia Celta
1ª División Premini Feminina



CAMPIÓN 2025 - 2026

Categoría Feminina — Ligas Galegas

Traumacor Culleredo

3x3 U17





Seleccións Galegas

Resultados e desempeño dos nosos talentos en competicións nacionais 2025 - 2026.

SELECCIÓN GALEGAS 2025 - 2026

Campionatos de España

As nosas Seleccións Galegas compiten a nivel nacional nos seguintes torneos clave:



KDTINF2026

HUELVA. Do 3 ao 7 de xaneiro.



MINI2026

SALOU - 28 de marzo ao 1 de abril.



3X3 U13 - U15 2026

Melilla - Xuño de 2026

Galicia Infantil Masculina

4 Clasificada





Galicia Cadete Masculina

6 Clasificada



Galicia Infantil Feminina

8 Clasificada

Galicia Cadete Feminina

11 Clasificada





Galicia Minibasket Masculina

5 Clasificada



Galicia Minibasket Feminina

10 Clasificada




Estatísticas 2025 - 2026

Datos clave da tempada.

FEGABA DATOS

Equipos 2025 - 2026




1.565

*** Porcentajes por delegación.**

FEGABA DATOS

Licenzas 2025 - 2026



20.096

*** Porcentajes por delegación.**



#BALONCESTOGALEGO

INFORME FEGABA 2025 - 2026

Bloque 1 — Federación Galega de Baloncesto